

## **ACTA NÚM. 09 - DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 27 DE ABRIL DE 2019.**

No salón de sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **9:30 horas** do día **27 de abril de 2019**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

### **A S I S T E N:**

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

### **Concelleiros/as:**

#### **Compostela Aberta (CA):**

Dona Branca Petra Novo Rey.

Don Xan Xesús Duro Fernández.

Dona Concepción Fernández Fernández.

Don Manuel Díos Diz.

Dona Marta Irene Lois González.

Don Rafael Peña Vidal (incorporase á sesión no transcurso do sorteo).

Dona Noa María Morales Sánchez.

#### **Partido Popular (PP):**

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.

Dona M<sup>a</sup> José Castro Carballal.

Dona María José Corral López.

Don Manuel Martínez Varela.

Dona M<sup>a</sup> Teresa Cancelo Márquez.

Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo.

Don Pedro José Rey Sanchiz.

#### **Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):**

Don Francisco Reyes Santiás.

Don Gonzalo Muíños Sánchez.

Dona María Milagros Castro Sánchez.

#### **Bloque Nacionalista Galego (BNG):**

Don Rubén Cela Díaz.

Dona María Goretti Sanmartín Rei.

Dona Lucía Carreira Pérez, **xefe de negociado do padrón**.

José Ramón Alonso Fernández, **secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

Non asisten os/as concelleiros e concelleiras Dona María Rozas Pérez, Don Jorge Carlos Duarte Vázquez, Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela e Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.

## **ORDE DO DÍA:**

**PUNTO ÚNICO: Designación de membros de mesas electorais, por mor das vindeiras eleccións europeas e municipais.**

Cumpriméntase así:

## **PUNTO ÚNICO: DESIGNACIÓN DE MEMBROS PARA AS MESAS ELECTORAIS, POR MOR DAS VINDEIRAS ELECCIÓNS EUROPEAS E MUNICIPAIS.**

O artigo 26 da vixente Lei do Réxime Electoral di literalmente o seguinte: “a formación das mesas compete aos concellos baixo a supervisión das xuntas electorais de zona. O presidente e os vogais de cada mesa, son designados por sorteo público entre a totalidade das persoas censadas na sección correspondente que sexan menores de 70 anos e que saiban ler e escribir. O presidente deberá ter o título de bachiller ou de formación profesional de 2º grao, ou subsidiariamente o de graduado escolar ou equivalente. Procédese da mesma forma ao nomeamento de dous suplentes para cada un dos membros da mesa.”

A continuación e coa axuda da Sra. Xefa do Negociado do Padrón e persoal do departamento de informática, pasase á utilización dunha aplicación informática, que obtén de xeito aleatorio a conformación das distintas mesas electorais e as listas de reserva.

Unha copia do resultado do sorteo, incorpórase á documentación deste pleno.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente a da por finalizada sendo as 9 horas e 50 minutos do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,

O secretario xeral do pleno,

Asdo: Martiño Noriega Sánchez

Asdo: José Ramón Alonso Fernández

